



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Quen isto escribe, polos derradeiros días dun outono sombrizo e chuviñoso, percibe en si mesmo e no ambiente que o rodea unha aguda sensación de fastío, de canseira, mesmo de esgotamento –outra vez nas mesmas!–, provocada por concretas circunstancias sociais de ton escuro, que non é doado compensar nin sequera por outros feitos que suscitan esperanza. Custa ter fe, custa amar, custa esperar no medio de neboeiros. Pero, senón por nós mesmos, tan sequera pola graza de quen de nós terma invisiblemente, somos quen de sentirnos xente convocada aos soños do advento, unha vez máis, un ano máis. A pesar de todo.

Empuxadas, logo, por esta misteriosa chamada ao imposible, imos achegarnos o máis serenamente posible ás cousas

que nos conmocionan ou nos emocionan, tentando ver nelas sempre aquel chisco de luz e de inocencia que as pode converter en fitos de algo novo. Farémolo ao xeito simple de ir botando unhas olladas, cos ollos do corpo e, se ben puidésemos, tamén cos ollos do espírito que moveu a Xesús, cos ollos do Evanxeo. Velaí vai, logo.

1.- Asedio e morte na terra da vida

Non respectamos orde cronolóxica algunha. Seguimos a orde da crueza, da falla de humanidade. Ai a humanidade, iso que está chamado a ser o máis senlleiro dentro dos seres humanos!

O 7 de outono espertamos coa nova dun asalto terrorista de tropas de Hamás desde a

Gaza palestina aos poboados israelís limítrofes. Varios centos de persoas mortas porque si, en linchamento cruel, absurdo. Máis de duascentas retidas como reféns. A resposta de Israel non se fixo agardar. Co mesmo despropósito, co mesmo fanatismo, por moito que se apele ao lexítimo dereito de defensa. Coma sempre, respondendo de maneira desproporcionada, causando centos e centos de mortos, arrasando con todo canto atopa, sen reparar en que son moitas, moitas as persoas inocentes que acaban fenecendo, e sometendo centos de miles de habitantes a un asedio implacable, sen chisco de humanidade.

E a opinión internacional, dividida. Os países occidentais, entre os que nós estamos, encabezados e condicionados polos EEUU, máis propensos, con diferenza de matices, a consentirlle a Israel todo canto se lle ocorra. Os países árabes, non todos, vendo o de Hamás como con certa lóxica inevitable. O papa Francisco clamando pola paz e polo entendemento e convocando unha xornada de oración pola paz para o día 27 de outubro. E así estamos. Ata cando?

Chámanos a atención que, neste caso coma noutros habidos de características similares, quéresenos prohibir que reflexionemos sobre as causas que poden incitar a que os terroristas respondan coma tales. Analizalas non quere dicir xustificar nada. Israel, o goberno do estado de Israel, leva anos e anos asediando o pobo palestino, incumprindo ditames das Nacións Unidas, confiscando mesmo con violencia extrema terreos e terreos que eran propiedade do pobo palestino –véxase o mapa do reparto sucesivo do territorio–, coa lóxica evidente de acceder ao dominio completo do país, provocando agresións que lles permitan agresións maiores. Quen diría que o pobo xudeu ten sobre os seus sufridos lombos a tétrica experiencia dunha aniquilación sistemática! E que ninguén nos veña coa historia do antisemitismo! Pola outra banda, sectores palestinos prestándose a unha estratexia que os pode levar á perda completa da súa nación. Imaxinámonos a Gandhi liderando a causa palestina? Ai, canté! Soamente esa, pensamos nós, sería a única estratexia que deixaría a Israel en evidencia.

E, de fondo, unha visión, unha interpretación relixiosa dos acontecementos, que nos fala de fanatismos relixiosos – os peores fanatismos posibles!–, con imaxes tremendas dun Deus que estaría xustificando estas maneiras de resolver os conflitos, con lecturas simplistas de pasaxes dos libros sagrados, coa intención de involucrar o mesmo Deus nas rabias humanas, volvendo atrás do coñecido «ollo por ollo e dente por dente», que tentaba moderar as formas da vinganza. Lonxe, moi lonxe da proposta cristiá de non contestar con violencia a quen te violenta.

O clamor pola paz e a xustiza cos palestinos espállase polo mundo adiante, certo. Hai tamén unha parte importante do pobo xudeu que non comunga con esta política agresiva, que se desentende de acordos internacionais de todo tipo. Pero, porque os medios os silencian ou porque carecen de volume e de enerxía suficiente, as súas voces, que serían as máis propicias para posibilitar algo novo, non se converten en clamor de xustiza. Ai, canto en van soa o nome de Yahvé, o Deus da paz, da misericordia e da xustiza!

En fin, negro, triste, patético mundo este, para a xente vencida, pero aínda máis para a vencedora. Que o Deus da paz nos teña da man! E que esta última liorta internacional non nos faga esquecer o de Ucraína, nin tampouco, p. ex., o de Armenia con Naborno Karabaj, que tanto sabe a inhumanidade.

2.- As inquedanzas do *Mare Nostrum*

Ten que ver coa estancia do papa Francisco os días 22 e 23 de setembro na cidade francesa de Marsella, cidade na que do 17 ao 23 do mesmo mes se celebraba a terceira edición dos «Encontros Mediterráneos», dedicados fundamentalmente ao tema das migracións. O primeiro encontro fora en Bari no 2020 e o segundo en Florencia no 2022. A escolla de Marsella para esta edición debeuse, xaora, a ser cidade que linda co Mediterráneo e sobre todo a ser unha cidade cosmopolita, onde conviven axeitadamente comunidades e relixións distintas. «A capital da integración dos pobos», así a nomeou o mesmo papa, unha realidade

profética do que seguramente irá pasando en moitas das nosas cidades europeas, sempre e cando aceptemos as migracións como unha realidade máis ou menos normal dentro da realidade dos pobos.

A presenza do papa obedece á súa paixón polo tema migratorio, no que a el –repíteo– non lle gusta que vexamos soamente números, senón sobre todo persoas, experiencias humanas feitas de sufrimentos, de soños, de esperanzas, de buscas, de vida. Ben lembramos que a viaxe a Lampedusa en 2013 fora a primeira das súas viaxes apostólicas, como anunciando xa unhas prioridades e unha determinación. Repetidamente o papa ten volto ao tema; as migracións en definitiva son persoas, familias, pobos, culturas, que, segundo el, debemos «acoller, protexer, promover e integrar».

Os actos máis significativos foron, durante o día 22, a oración co clero e a visita e meditación-oración ante o Memorial dedicado a mariñeiros e migrantes mortos no mar, acompañado por diferentes líderes relixiosos, e o día 23 a

súa extensa comunicación na clausura dos «Encontros Mediterráneos» e logo a Eucaristía final no velódromo da cidade. A súa aposta ben coñecida é a de «acompañar e gobernar fluxos do mellor modo posible, construíndo pontes e non muros, ampliando canles para unha emigración segura e regular».

De nós, do conxunto dos pobos irá dependendo. As migracións dun xeito ou doutro case sempre son forzadas, sobre todo pola belixerancia doutros pobos ou grupos: palestinos, ucraínos, armenios (Nagorno Karabaj), países centroatricanos, suramericanos... Nós movémonos entre os medos e o desinterese, dixo tamén o papa en Marsella, pero nin os medos nin o desinterese son ferramentas aptas para construír humanidade.

Así remataba a mensaxe que o papa publicou pola 109 xornada mundial de migrantes e refuxiados do 23 de setembro:

«O camiño sinodal que, como Igrexa, temos emprendido, lévanos a ver as persoas máis vulnerables –e entre elas a moitos migrantes e refuxiados– como uns compañeiros de

viaxe especiais, que debemos amar e coidar coma irmáns e irmás. Soamente camiñando xuntos poderemos chegar lonxe e acadar a meta común da nosa viaxe».

3.- *Laudate Deum*

O mesmo día no que na Igrexa católica facemos conmemoración de San Francisco de Asís, 4 de outubro, firmaba o papa para a súa publicación a Exhortación Apostólica «*Laudate Deum. Sobre a crise climática*». O primeiro parágrafo da mesma recolle a encomenda franciscana: «Alaben a Deus todas as criaturas». Esta era a invitación que facía san Francisco de Asís coa súa vida, coas súas cantigas, cos seus xestos.

Estamos ante un escrito cando menos menor comparado con outros que o precederon neste tema e noutros. Tanto «*Laudato si*», como «*Fratelli tutti*», p. ex., tiñan a categoría de «Carta Encíclica», mentres que esta é unha «Exhortación Apostólica». A súa extensión é moito máis reducida (73 parágrafos, curtos). Tanto é así que a máis de un ao vela e lela levantounos a pregunta: pero isto a que vén?

E non o facemos desde o pensamento de xente de Igrexa que ten manifestado repetidamente a súa desconformidade con que o papa se dedique a dar orientacións sobre cousas que teñen que ver co que el mesmo chama a «casa común». O coidado da «casa común» certamente entra dentro das responsabilidades de quen se considere persoa crente.

A crise climática xa foi abordada na «*Laudato si*», e, se o papa volve ao tema cunha concreción tan intensa, aínda que breve, entendemos que é porque observa que as cousas non acaban de andar e que mesmo estamos nun momento no que, no canto de camiñar cara a adiante, facémolo cara a atrás con xustificacións varias.

Pero este é en resumo do contido da presente carta. No prólogo (nn. 1-4) afirma que oito anos despois da Carta Encíclica senlleira sobre a casa común, «advirto que non temos reaccións abondas mentres o mundo que nos acolle se vai esborrallando e quizais achegándose a un punto de quebra» (n. 2). E no n. 4 conclúe: «Por esta razón, e porque a situación

se volve aínda máis urxente, quixen compartir con vostedes estas páxinas».

E o que comparte desenvólvese en seis breves capítulos. O primeiro deles (nn. 5-19) para compartir a impresión que el ten de que se está pretendendo «negar, agachar, disimular ou relativizar» os signos do cambio climático, pero están aí (n. 5). Para el son «... opinións despectivas e pouco racionais que atopo mesmo dentro da Igrexa católica» (n. 14). E entende que «se nos pide nada máis que algo de responsabilidade ante a herdanza que deixaremos tras o noso paso por este mundo» (n. 18).

No segundo (nn. 20-33) ofrece unha dura crítica ao paradigma tecnocrático, con ideas e palabras ás que xa nos ten afeitos. «Non todo aumento de poder é un progreso para a humanidade (n. 24). «... podemos soste que lle falta unha ética sólida, unha cultura e unha espiritualidade que realmente o limiten e o conteñan nunha lúcida abnegación» (n. 24), ata recoller a frase de Soloviev: «Un século tan avanzado que era tamén o derradeiro» (n. 29).

O c. 3 (nn. 34-43) titúlao «A debilidade da política internacional». Apela nel á necesidade «dalgunha forma de autoridade mundial regulada polo dereito» (n. 35), á que non responde a actual ONU. Implicaría «reconfigurar o multilateralismo» actual (n. 37), a vella diplomacia (n. 41), optando por «un marco diferente de cooperación efectiva (n. 42), con capacidade de legislar e de esixir o cumprimento do lexislado.

O c. 4 (nn. 44-52) analiza brevemente os resultados das Conferencias sobre o clima (Río de Xaneiro (1992), Kioto (1997), Copenhague (2009), París (2015), Madrid (2019), Glasgow (2021), Xharm El Sheikh, Exipto (2022)). Sobre elas afirma: «Os acordos tiveron un baixo nivel de cumprimento, porque non se estableceron axeitados mecanismos de control, de revisión periódica e de sanción dos incumprimentos» (52).

No c. 5 (nn. 53-60) comparte expectativas sobre a próxima Conferencia do clima de Dubai. Tende a ser pesimista: «Corremos o risco de nos quedar pechados na lóxica de botar

parches, colocar mendas, atar con arames, mentres polo baixo avanza un proceso de deterioro que continuamos alimentando. Supoñer que calquera problema futuro se vai poder resolver con novas intervencións técnicas é un pragmatismo homicida, como darlle patadas para adiante a unha bóla de neve» (n. 57).

E por último no c. 6 ofrece unhas sinxelas motivacións espirituais, que nos han levar a camiñar en comunión e compromiso. Porque, aínda que a moitos isto non lles importe, «os efectos do cambio climático son soportados polas persoas máis vulnerables no propio país ou en todo o mundo» (n. 3),

Coidamos que as circunstancias que vivimos (guerras de Ucraína e Palestina maiormente) non facilitan dedicarlle tempo e intención ao tema tratado, pero fano se cabe máis urxente aínda.

4.- Os *dubia* da discordia

Case non lle dan a un ganas de comentar este asunto dos *dubia* (dúbidas), pero non o facemos tanto por lle dar bombo ás tales *dubia*, como por subli-

ñar as respostas do papa Francisco. Ao noso ver, ofrece unha maneira de entender as cousas —e cousas en si de interese— que nos pode valer para valorar outras moitas circunstancias similares.

Todo veu a que aló polo 10 de xullo pasado cinco cardeais, que se están amosando descontentos co liderado do papa, lle presentan a este cinco dúbidas sobre cinco cuestións que a eles lles preocupan. Os cardeais son Joseph Zen Ze-kiun (chinés), Walter Brandmüller (alemán), Robert Sarah (guineano), Xoán Sandoval *Íñiguez* (mexicano) e Raymon Leo Burke (estadounidense). E as dúbidas tiñan que ver con estes asuntos: 1. Se a Revelación Divina debe ser interpretadas en función dos cambios culturais e antropolóxicos do momento. 2. Se a afirmación e a práctica xeneralizada de bendicir as unións entre persoas do mesmo sexo concorda coa Revelación e co Maxisterio. 3. Sobre a afirmación de que a sinodalidade é unha «dimensión constitutiva da Igrexa». 4. Sobre o apoio de pastores e teólogos á teoría de que «a teoloxía da Igrexa cambiou» e, polo tanto, pódese conferir ás mulle-

res a ordenación sacerdotal. E 5. Sobre a afirmación «o perdón é un dereito humano» e a insistencia do Santo Padre no deber de absolver a todos e sempre, de maneira que o arrepentimento non sería unha condición necesaria para a absolución sacramental.

O papa respondeulles ao día seguinte, recoñecendo que non adoita contestar a este tipo de cuestións así formuladas, e ofrecéndolles as maneiras que el ten de se situar, que son sobradamente coñecidas. Fronte a unha mentalidade de tics dogmáticos, a proposta do papa gusta de matizar e discernir, de mirar con ollos pastorais e de recoñecer que os cambios culturais demandan formulacións doutrinais que os teñan en conta, sen sometementos.

A resposta nos lles gustou aos cardeais, que o 21 de agosto envían ao papa un novo escrito, neste caso urxíndoo a responder taxativamente cun si ou cun non. O papa loxicamente non lles contestou. E, mira ti, xustamente dous días antes de que se abra a sesión do sínodo deste ano, o 2 de outubro, os monseñores fan

público todo o asunto, iso si, para que o erro e o desalento non dane os fieis.

5.- Nos arredores do Sínodo

Pois iso, cando os monseñores daban eses pasos –seguro que crendo que cumprían coa vontade de Deus e co seu deber–, o 4 de outubro empezaba en Roma a penúltima etapa do sínodo, que duraría ata o 29 de outubro.

Queremos subliñar dous feitos habidos ao redor do comezo e do desenvolvemento do Sínodo da sinodalidade. O primeiro, a *Vixilia ecuménica*, celebrada en Roma o 30 de setembro, como preparación orante para o traballo sinodal da Igrexa católica. Pero o curioso e altamente significativo foi que esta vixilia ecuménica de oración, titulada *Together* (xunto/as), foi organizada pola comunidade monástica de Taizé coa colaboración de líderes relixiosos de diferentes confesións cristiás e coa participación duns 18.000 asistentes de diferentes partes do mundo. Igual non nos decatamos do que isto está significando en clave ecuménica e interrelixiosa. Estamos ante un

ecumenismo funcional –noutros momentos temos falado do ecumenismo da caridade–, que deixa nun segundo lugar cuestións doutrinarias, que si suscitarían desavinzas, pero que nos permite sentirnos irmáns, implicados en tarefas comúns de profundo calado vital, eclesial tamén, e mesmo social, universal. Impensable, non si?, hai non moitos anos, que un sínodo católico estivese precedido en forma e fondo por unha vixilia ecuménica destas características.

O segundo feito a subliñar é o das críticas á realidade mesma da movida sinodal e/ou aos obxectivos e á lentitude do proceso mesmo. O sínodo en si é malvisto por un sector eclesial que poderíamos chamar de dereitas, conservador. Quizais os mesmos cardeais anteditos poderían ser considerados na súa acción como algo representativo desta bancada eclesial. Hai moita xente de Igrexa que considera case unha perda de tempo tanta «cerimonia», tanta «parvada».

Pero tamén desde a esquerda eclesial, máis progresista, máis convencida da urxencia de cam-

bios reais en elementos substanciais da vida da Igrexa, o sínodo sabe a pouco, sabe a unha boa intención de base, pero a moita parsimonia, a moito querer e non querer, a moito medo a fincar o dente onde urxe facelo. Algunha desa xente xa o mesmo día 4 manifestouse pacífica e provocativamente en Roma, e despois xuntouse do 8 ao 14 de outubro nunha asemblea sinodal laica, o «Sínodo na sombra», nun número de 115 participantes, convocado por unha organización internacional, «Espírito sen fronteiras», co apoio de máis de 40 organizacións de Igrexa.

O lema da dita asemblea era «Dereitos humanos nunha Igrexa católica emerxente». Ao longo da semana sucedéronse, de forma presencial e «en liña», conferencias, mesas redondas, testemuños, recitais musicais, sesións de charlas, filmes, documentais... Pasaron polo mesmo teólogos e teólogas, incluso un bispo, Raúl Vera, de Saltillo (México), e participou tamén a Asociación de mulleres presbíteras na Igrexa católica (ARCWP), representada por España na persoa de Christina Moreira.

Este sector entende que a base dunha boa Igrexa sería un discipulado de iguais; critica que o Sínodo fala do que falar no Sínodo, cando xa hai temas propostos claramente polo traballo previo de base; pensa do papa Francisco que non se sabe o que pensa, que quere nadar e gardar a roupa... Aínda así, valora que se estea creando un espazo para que o Espírito se exprese.

6.- Primeira etapa do Sínodo

Pasemos, logo, ao mesmo Sínodo. Ao meu modo de ver, o que pode quedar como imaxe representativa, mesmo profética, do vivido no Sínodo é aquela grande Aula Paulo VI chea de mesas circulares, onde un grupo de persoas sentaba e inevitablemente tiña sempre diante de si rostros aos que mirar e que te miraban. En si mesmo era unha maneira de colocarse xa sinodal, que invitaba a que necesariamente tiveses que mirar o rostro de quen che falaba e da persoa á que ti lle falabas. A persoa que falaba podía ser un laico calquera, home ou muller, unha monxa, un crego, un relixioso,

un bispo, un cardeal, Müller, por exemplo, ou o mesmo papa, e outro tanto a que escoitaba. E a mesma atención e respecto, suponse. A mesma disposición á escoita. Un modelo circular que nos fala tamén dunha Igrexa circular, non piramidal, que é o que en definitiva está en xogo en todo este asunto. Algo así como unha «comunidade de discípulo/as» de Xesús.

Así se comenta esta distribución na introdución do Informe final:

“A forma mesma na que se desenvolveu a Asemblea, comezando pola disposición das persoas sentadas en pequenos grupos ao redor de mesas redondas na Aula Paulo VI, comparable á imaxe bíblica do banquete de vodas (Ap 19, 9), é emblemática dunha Igrexa sinodal e imaxe da Eucaristía, fonte e cume da sinodalidade, coa Palabra de Deus no seu centro. No seu seo, diferentes culturas, linguas, ritos, xeitos de pensar e realidades poden comprometerse xuntos e frutiferamente nunha busca sincera baixo a guía do Espírito».

A segundo cousa, á que tamén lle vin un aire innovador e profético, é iso de «conversa-

ción no Espírito», algo así como: falo, escoito, non só coa lingua e coa orella corporal, primaria, senón sobre todo desde esa capacidade profunda que temos de falar e de escoitar cando nos desapegamos do propio eu (ego), e das circunstancias que o empoleiran, para deixar que sexa o máis san e limpo de min, que cadra co Espírito. Para ser un método en estrea, parece que a cousa foi funcionando; certo que para que así fose, houbo a «Vixilia ecuménica» ao comezo, conversas espirituais, tempos de oración...

Na rolda de prensa final, o cardeal Grech afirmaba que con estas maneiras conseguírase que todo o mundo «conquistase espazos», a base de entrar no mundo do outro respectuosamente e de abrir as propias portas con confianza. Quen di espazos, di ideas, sentimentos, proxectos, medos, esperanzas...

Ben, o froito de todo este traballo de tres semanas quedou recollido no «Informe de síntese», que titularon «Unha Igrexa sinodal en misión», dividido en tres partes: 1.^a «O rostro da Igrexa sinodal»; 2.^a «Todos discípulos, todos misio-

neiros»; e 3.^a «Tecer lazos, construír comunidade». Cada unha destas partes divídese á súa vez en varios apartados: a 1.^a en sete, a 2.^a en 6, e a 3.^a en 7. E para cada un dos vinte apartados do total o traballo feito ofrece «Converxencias», «Cuestións a abordar» e «Propostas».

Como explica o mesmo Informe na súa introdución, «As converxencias identifican os puntos fixos aos que pode mirar a reflexión: son coma un mapa que nos permite orientarnos no camiño e non nos perder. As cuestións a tratar recollen os puntos sobre os que temos recoñecido que cómpre continuar o estudo teolóxico, pastoral, canónico: son coma encrucilladas nas que hai que se deter, para comprender mellor a dirección a tomar. As propostas, emporiso, indican posibles camiños a seguir: suxírense algunhas, recoméndanse outras, outras pídense con máis forza e determinación».

E este material, no que non hai ningunha cousa desas rechamantes que se poderían agardar ou temer, será o que se mandará de novo aos grupos sinodais de base de cada bis-

pado, para repetir o proceso do ano anterior. Supoñemos que custará o seu reactivar de novo estes grupos. No outono do 24 será a fase final e chegará a hora das medidas concretas. Grazas polo traballo feito e ánimo para o que está por facer.

7.- Unha aposta firme pola reconciliación

Falamos anteriormente de que fora a Comunidade monástica ecuménica de Taizé a que asumira a responsabilidade de organizar a *Vixilia ecuménica* previa ao comezo da penúltima etapa do Sínodo da sinodalidade. Xa subliñamos o saboroso mordente deste feito. E iso lévanos a pousar a nosa ollada nesa comunidade monástica creada polo carismático Roger Schutz en 1940, levando no seu ánimo as acedas queimadelas, no que a enfrontamentos se refire, da segunda guerra mundial que empezara o ano anterior, e soñando e buscando espazos de reconciliación persoal, social, mundial.

O primeiro paso tiña que ser claramente profético, e foino: unha comunidade monástica que recollese o máis limpo desa tradición (oración, pobreza,

traballo, acollida), pero que ao tempo erguese a bandeira da reconciliación dun xeito senlleiro: a comunidade monástica había de ser ecuménica, aberta a calquera persoa, fose da confesión cristiá que fose; e aberta tamén ao acontecer mundial, especialmente no referente á paz, á xustiza, ao respecto das minorías.

E así, protestantes, anglicanos, católicos... foron poboando as súas celas e creando espazos abertos a onde se achegaba e acollía quen quixese: tempos de oración, tempos de convivencia, tempos de acción aquí e acolá, cun carisma regalado claramente polo Espírito, que a partir da década do 60 converteu Taizé nun referente internacional cunha enorme forza de atracción sobre a xente nova maiormente. Esa mocidade que daquela empezaba a arredarse de moitas rutinas obsoletas da tradición católica. O monacato tradicional que polo mesmo empezaba a enfraquecer, ollaba con asombro unha alternativa monástica que cuestionaba os seus formatos e vivencias.

Os encontros de Taizé multiplicáronse internacionalmente

e deron un respiro de paz e de esperanza a un mundo que non acababa de aprender abondo do vivido con tanta dor na recente guerra. Sen moito rebumbio, desde a fondura da pregaría e desde unha presenza infatigable, mesmo física, nos lugares de tensión, alí foi estando Taizé, fiel ao seu carisma de reconciliación.

Roger Schutz foi, logo, o primeiro prior de Taizé, asasinado por unha muller perturbada o 16 de agosto de 2005. Sucedeuno nese mesmo momento o irmán Alois, alemán; e agora, o 3 de decembro de 2023, 1.º domingo de Advento, sucederá no cargo o irmán Mattheu, anglicano inglés. O carisma de Taizé, cada vez máis necesario, tanto desde un punto de vista civil como relixioso, parece estar ben asegurado. Deus garde Taizé! Ou, mellor, que Taizé se deixe gardar por Deus!

8.- Biblia en galego: para que?

Onte, 6 de novembro, participei en Ferrol na presentación da Biblia en galego, xuntamente co vicepresidente de SEPT, Silvestre Gómez, con Valentín García, Secretario Xeral de Política

Lingüística da Xunta de Galicia, con Xosé Fernández Lago, supervisor da edición, co alcalde de Ferrol, Xosé Rey e co bispo da diocese, Fernando García Cadiñanos. Pechábase con esta a ronda de presentacións habidas en todas e cada unha das dioceses galegas. O acto foi sinxelo e cálido, de admiración e agradecemento por unha edición fermosa, moi coidada, á altura en forma e fondo, coidamos, de calquera outra Biblia en calquera outra lingua. Hai que lle recoñecer a Xosé Fernández Lago o seu esmerado traballo de redactor e supervisor e a SEPT a teima por acadar o que, sen o seu constante esforzo e compromiso, nunca sería posible. Ben é sabido que a Xunta de Galicia colaborou economicamente desde o primeiro momento con esta tradución e sucesivas edicións. Ben é sabido tamén que, polo demais, todo o moito traballo realizado fíxose sempre desde o voluntariado, desde a gratuidade.

A esta edición da Biblia en galego podemos acceder desde internet, como tamén poderemos acceder á nova edición do Misal en galego que axiña tere-mos nas mans.

Pero, tal como van as cousas, coa preciosa 4.^a edición nas mans vénsenos á cabeza esta pregunta: pero a Biblia en galego para que? Certo que as sucesivas edicións da Biblia foron esgotándose en tempos breves, e non temos por que sospeitar que quen a teña non a aproveite, recreando o seu gusto polo galego e recreándose tamén coa lectura da Palabra de Deus que nela se contén. Pero aínda así, a Biblia en galego para que? Porque pode ser un libro bonito, imprescindible, que non pode faltar na miña pequena ou grande biblioteca, para lla poder amosar a calquera amigo ou amiga que me visite.

Se desde a década dos setenta clamabamos pola Biblia en galego, era basicamente porque a considerabamos instrumento imprescindible para poder celebrar en galego, para alimentar a nosa fe cristiá, persoal e comunitaria, coa lectura da Palabra de Deus en galego; simplemente por aquilo tan elemental de que quen vive e fala en galego poida rezar, celebrar en galego; por aquilo de ennobrecernos como xente galega coa Palabra de Deus en galego e mesmo de

ennobrecer a Palabra de Deus, por que non?, coa bonitura, co deixe, co son, coa alma do noso falar cotián, coa nosa alma.

Pero é isto o que está a suceder? Que tanto por cento de celebracións dominicais, p. ex., se fan en galego en Galicia? Por que seguimos privando o noso pobo de gustar da Palabra de Deus vestida coas formas dos nosos diarios sentimentos e expresións? Que nos pasa como pobo, como comunidade cristiá?

Case todas as persoas que estabamos alí celebrando esta 4.^a edición, tiñamos os nosos méritos e, sen dúbida, deberíamos afiar o noso compromiso para pode facer desta edición aquilo para o que foi feita: material espiritual para crer, celebrar, vivir en galego. As autoridades políticas, empeñándose moito máis do que o fan na estima e promoción do galego nos campos que lle correspondan, que son moitos; os bispos e curas, tomando en serio iso da aculturación da experiencia relixiosa, e a xente de a pé, descubríndonos con humilde orgullo no noso, demandando e urxindo, agradecendo por sermos sabiamente diferentes.

Xustamente ese mesmo día, mira ti, o arcebispo de Santiago, Francisco Xosé Prieto Fernández, visitaba por vez primeira a sede da Real Academia Galega, por aquilo de coñecer o traballo que alí se está a facer e poder saudar a membros da executiva da Institución. Aproveitou a circunstancia para afirmar que na súa mente está implicarse para que nas parroquias de Galicia o galego teña unha presenza significativa. O seu compromiso coa lingua no ámbito eclesial quedou claramente expresado nestas súas palabras:

«Temos que facer un esforzo para que a liturxia en galego se normalice na vida das nosas comunidades parroquiais, iso é fundamental, e teremos que dar pasos. Na responsabilidade que me toca de liderar a Igrexa en Galicia, tratarei de facer que se abran camiños para que esa normalidade vaia chegando, non nun horizonte afastado senón cotián. Podemos ter libros editados, pero sen sensibilidade e compromiso, non faremos nada».

Grazas. Totalmente de acordo. Prometemos, logo, sensibilidade e compromiso.

9.- O informe de Ángel Gabilondo sobre abusos sexuais

O 27 de novembro, Ángel Gabilondo, como Defensor do Pobo, cumpría co compromiso adquirido e ofrecía os resultados do estudo da comisión organizada ao efecto sobre os abusos sexuais cometidos por membros da Igrexa católica española: un informe de 779 páxinas.

O estudo demoscópico levado a cabo partiu de 8.013 entrevistas, das que se deduciu que o 11,7 % das persoas entrevistadas sufriron en España algún tipo de agresión sexual na súa infancia; e dese 11,7 %, o 5,9 % en ámbito educativo relixioso e o 4,6 % en ámbito relixioso. Aínda que o mesmo Defensor do Pobo non facía extrapolacións e pedía que non se fixesen, houbo quen as fixo, e o dato saltou coma unha bomba: máis de 440.000 persoas terían sido abusadas en espazos relixiosos e unhas 240.000 por curas ou relixiosos. Unha extrapolación que igual non teña moito creto, pero que si tivo moito impacto. A maiores, o estudo recolle en máis de 100 páxinas o testemuño de 487 vítimas, testemuños espiñosos, arrepiantes,

nos que se fala, claro, de estrés postraumático, de depresión, de ideas suicidas...

A Igrexa no seu momento non quixo participar neste estudo nomeando un portavoz como membro da comisión; na súa idea estaba facer un estudo propio, que encargaría máis tarde ao bufete Cremades & Calvo-Sotelo; actualmente está habendo algunhas diferenzas con este bufete por non entregar o traballo no prazo prometido e tamén, parece, por outras razóns que se nos escapan.

O Defensor do Pobo queixouse da cativa colaboración das diferentes dioceses, aínda que si recoñeceu a boa resposta dalgunhas. Polo demais queda en evidencia o que xa é ben sabido: a resposta eclesiástica a este problema consistiu adoito en minimizar, ocultar, disimular..., por aquilo de que era máis o feito dun pecador que necesitaba penitencia relixiosa, ca non un delito que debía ser afrontado como tal, con todas as consecuencias. Sen contar, claro, cun velamento equivocado polo prestixio da institución.

Aínda que subliña a responsabilidade eclesiástica nos feitos,

tamén implica os organismos do Estado por non cumpriren co papel de vixilancia que lles é propio, como o farían, p. ex., no caso de incumprírense algúns requisitos académicos.

O estudo propón algunhas accións: un acto público de recoñecemento e reparación, o pago de compensacións económicas, a creación dun órgano administrativo para xestionar o recoñecemento e a reparación de casos que o demanden. Para as compensacións económicas propón crear un fondo estatal, ao que a Igrexa loxicamente debería contribuír.

Ben, se todo isto se soubo o venres, 27 de outubro, para o luns 30 a CEE celebrou unha asemblea extraordinaria para estudar o caso e tomar posición. Damos por feito que houbo tensión e diferenza de criterios á hora de afrontar o feito. En rolda de prensa posterior pedíronse de novo desculpas ás vítimas, ofreceuse dispoñibilidade de colaboración, pensando sobre todo no estudo propio que debería ter saído por eses días tamén, pero onde se fixo máis fincapé foi en negar a razón da extrapolación

que poñía o número de persoas agredidas en 440.000.

Aínda que o informe Gabilondo non compraceu demasiado, o cardeal Omella, presidente da CEE, ofreceulle a Gabilondo ter un encontro co conxunto da CEE o 20 de novembro, dentro da Asemblea Plenaria da CEE. Ao non poder asistir Gabilondo, o 8 do mesmo mes este entregoulle persoalmente en Añastro o libro do informe. As formas mantéñense e seguro que con elas a imprescindible colaboración. Oxalá!

Postos a subliñar algunha reacción episcopal a este informe, escolleríamos sen dúbida ningunha a do bispo de Teruel e Albarracín, José Antonio Satué Huerta, nun escrito publicado en «*Iglesia en Aragón*» e que o 5 de novembro reproduce «*Religión Digital*». Paga a pena a súa lectura, abofé!, pois non é doado situarse nun plano de valoración, de puntualización, de agradecemento como el o fai. Nas dúas primeiras liñas afirma (pasamos ao galego): «En primeiro lugar, paréceme necesario subliñar que o informe do Defensor do Pobo, aínda cos

seus límites, ofrece non poucos aspectos positivos».

10.- Unha visita desveladora, incómoda?

Para o 28 de outubro todo o episcopado español ten unha cita co Dicasterio para o Clero no Vaticano. O obxectivo da mesma en principio será compartir o informe que sobre os seminarios fixeron no seu momento os bispos uruguaíos que, por mandato papal, visitáronos para ver cal era a realidade dos mesmos. Compartir o informe e en consecuencia, xaora, marcar algunhas liñas de acción que poñan remedio ás deficiencias existentes, que as haberá e non poucas seguramente.

Unha destas deficiencias ten que ver co escaso número de candidatos ao sacerdocio. Boa parte dos seminarios móvense cuns números, que, segundo comentara o mesmo papa no seu momento, non garante un marco humano de comunidade que permita recoñecer aquilo como un seminario. Escaso número que leva consigo irremediabilmente un nivel de formación deficiente, uns gastos desproporcionados, etc.

Outra deficiencia non menor é o talante no que se vén formando os futuros sacerdotes neste momento, máis ollando para atrás que para adiante, parece; máis acentuando a clericalización ca non a inserción na comunidade, no pobo; pouco sinodais, diríamos agora. Non é doado, non, bater cun modelo de cura para un modelo «incómodo» de comunidades parroquiais coma o que as circunstancias demandan. É grande a tentación de volver aos terreos tripados.

Parece que unha liña de acción podería ser constituír seminarios interdiocesanos, que entre nós sería tanto como dicir un único seminario para as cinco dioceses galegas, garantindo as normais vinculacións diocesanas. Algo que desde diferentes perspectivas parece unha urxencia, pero para o que tamén existen fortes resistencias.

Por certo, que entre nós temos unha moi boa experiencia do que é traballar a niveis interdiocesanos. Diferentes delegacións: Catequese, Pastoral Xuvenil, da Saúde, Pastoral Penitenciaria..., as mesmas

Xornadas anuais do Clero de Galicia... Pois sería ampliar ese campo nun aspecto ben urxente e transcendente.

A maiores parece inevitable que en Roma falen co papa do asunto da pederastia que comentamos no apartado anterior. Tamén nese campo urxe unha implicación para a resposta, que se necesita moi unida no substancial.

Falaremos disto no seu momento.

E máis nada xa desta volta. Cando isto escribo, espállase a nova de que ao final PSOE e JUNTS chegan ao acordo imprescindible para que se forme un goberno presidido por Pedro Sánchez. Como a calquera cidadán español, preocúpanos o noso presente e futuro político. No transfundo do tema da amnistía vemos un aquel de conveniencia política, de compravenda, que non nos dignifica. Nas reaccións da oposición pesa por unha banda unha frustración por non ter acadado o que soñaban acadar e pola outra, a maiores, unha falla de sentido democrático que non lle permitiu ver a lexitimidade do Goberno anterior,

e menos aínda llo permitirá para o que se forme. A cidadanía estase envelenando. As emocións mandan nas reaccións. A convivencia faise moi complexa. Tempos para poñer a proba a nosa consistencia cidadá, racional, democrática, e tamén a nosa vontade de

seguir construíndo o mundo, o país, a Nosa Terra ao estilo de Xesús.

Encontrarémonos de novo aquí pola primavera, que oxalá o sexa de verdade. A todos os xeitos.

Manuel Regal Ledo